



## BANDO

**JOSÉ MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA, FAI SABER QUE:**

Está aberto o prazo **ata o 27 de marzo de 2017 (incluído)** para solicitar prazas para realizar **actividades de formación en linguas estranxeiras** para o alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, de:

- 1º, 2º, 3º e 4º ESO
- 1º e 2º Bacharelato

Poderán solicitar estas axudas o alumnado que reúna os seguintes requisitos:

- Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de ESO ou 1º ou 2º de Bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2016-2017, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/a nalgunha prohibición para a subvención.
- Nota mínima na área ou materia de lingua inglesa de Ben ou 6 no curso 2015-2016.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2015/2016.
- Ter DNI (excepto menores de 14 anos) ou NIE en vigor, segundo corresponda.

	Nº prazas	Custo por praza (€)	Achega das familias (€)			
			Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
2º bacharelato	33	800	100	180	300	350
1º bacharelato	59	800	100	180	300	350
4º educación secundaria obrigatoria	90	550	70	125	220	275
3º educación secundaria obrigatoria	120	550	70	125	220	275
2º educación secundaria obrigatoria	190	550	70	125	220	275
1º educación secundaria obrigatoria	190	550	70	125	220	275

Para máis información ou para tramitar estas solicitudes poden dirixirse á **Oficina de Información Xuvenil** no CENTRO SOCIO-CULTURAL MANUEL O. RODRÍGUEZ LÓPEZ de luns a venres, en horario de 16:00 a 21:00 horas. Tlf.: 982541096

Paradela, a 13 de marzo de 2017

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: José Manuel Mato Díaz